

SOÑO INCORRECTO

Mmm... Como contarvos esta curta e singular lenda? Poderíase resumir en dúas palabras: SONO INCORRECTO. Noite escura... nenos xogando... ser o que queres ser... isto é o Samaín.

Soñar noites como esta non sempre é acertado e menos cando o que queres ser leva un fouciño, unha capa negra, cara pálida... a Morte.

O soñador dese ser temido por todos foi un rapaz dunha vila galega descoñecida, entre Lousame e Noia. Dígovolo para que os valentes intentedes descubrir a súa localización a noite do día 1 de novembro.

Todo transcorreu rapidamente. O rapaz soñaba sempre con converterse na Morte. El quería ser o responsable en decidir quen se queda no mundo dos vivos e quen se despide. Nunca pensaría que podería cumprirse, xa que coidaba que a morte era un home que xa nacía co oficio asinado.

Chegou a noite esperada. Vestiuse do ser dito e foi, como era costume, cos seus amigos de casa en casa. Os nenos, son nenos...

Viron unha casa abandonada e sen pensalo dous segundos, aínda que tremendo, entraron... Recorrérona enteira. Ese rapaz quedou nunha habitación lúgubre e comezou a investigala. De repente, tropeza e cae ao chan. Abre os ollos e ve a carón del unha caixiña.

Sen pensalo, ábrea. Dentro dela hai un papel e ponse a lelo. Non transcurso da lectura sente unha gran felicidade porque trataba sobre o seu ser soñado. O que non esperaba é o que contiña o final: "lido isto, morrerás, o teu corpo volverase pálido, non sentirás nada e serás quen decida entre a vida e a morte, xa que acabas de descubrir o documento con que se libera a morte".

POOM!!! Os outros nenos, ao oíren o estoupido, saíron da casa.

Desde aquela noite do primeiro de novembro de 1530, nesa vila descoñecida, no Samaín, a Morte vaga descontrolada levando a toda persoa que encontre, porque tivo que morrer por soñar o sono incorrecto...

Sara Outeiral Cameán (4º E.S.O. A)

Premio da categoría 3º e 4º da E.S.O.

IV Concurso literario de relatos breves Samaín 2007

I.E.S. da Pobra do Caramiñal